Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

ESTATUTOS

CAPITULO 1
DA ASOCIACION EN XERAL

ARTIGO 1º.-

1.- Procédese a modificación dos Estatutos da **Asociación Síndrome de Down TEIMA de Ferrol**, constituída en Ferrol ó 5 de febreiro de 1994 e inscrita o 1 de marzo, co número 3.567 no Rexistro provincial de Asociacións e co C.I.F.:G-15458060.

2.- A Asociación rexerase polos presentes Estatutos, pola Lei orgánica 1/2002,do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e polas demais lexislacións existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

A Asociación constitúese como canle social para o cumprimento dos deberes e responsabilidades que correspondan ós pais, no referente á formación integral dos seus fillos.

ARTIGO 2º.- O domicilio da Asociación radicará na cidade de Ferrol, na rúa Álvaro Cunqueiro nº1 entrechán C.P.:15403. Teléfono e Fax: 981.32.22.30, Teima conta co seu dominio propio en internet *www.teimadownferrol.org*

ARTIGO 3º.- A Asociación en función do seu fin e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial de toda a provincia de A Coruña

ARTIGO 4º.-

1.- A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá conforme a estes Estatutos, pola vontade dos socios expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

2.- A Asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

ARIGO 5º.-

1.- Son fins da asociación:

a) Defende-la plena inclusión das persoas coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais no medio familiar,educativo laboral e social nas condicións mais adecuadas.

b) Promove-la realización de actividades que poidan contribuír á mellora da saúde, á potenciación do desenvolvemento intelectual, e á normalización da vida social das persoas coa Síndrome de Down en particular e discapacidade intelectual en xeral.

c) Crear os servizos necesarios para promove-la autonomía persoal e social das persoas con discapacidade intelectual.

d) Xestionar os apoios procedentes das administracións tanto públicas como privadas dentro do marco da nova Lei de promoción da autonomía persoal.

e) Facilitar servizos de información e apoio ós pais así como acada-la súa máxima colaboración para unha mellor atención respecto á educación e formación das persoas con discapacidade intelectual.

f) Promove-la celebración de cursos e conferencias, así como a realización de actividades que faciliten a información e formación dos pais, titores, persoal sanitario e profesionais que están relacionados coas persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual.

g) Realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Procurar que os diversos servizos e axudas existentes sexan utilizados por todas as persoas con discapacidade intelectual sen discriminación

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

algunha por motivos económicos, sociais, políticos, relixiosos ou de calquera outra índole.

i) Colaborar e intercambiar información, experiencias e servizos con outras persoas ou entidades que realicen actividades tendentes a fins análogos.

j) Colaborar na programación, desenvolvemento e execución de cantas medidas se refiran á formación dos alumnos e alumnas de acordo coa lexislación vixente.

k) Colaborar coas direccións, consellos asesores e claustros de profesores para apoiar e mellorar a inclusión das persoas con discapacidade intelectual na súa etapa escolar.

l) Contribuír ás actividades culturais e pedagóxicas dos centros de ensino, en orde ó perfeccionamento cultural e físico, promovendo a participación de persoas idóneas, ben subvencionando actividades concretas ou ben promovendo visitas e actividades escolares en centros laborais ou sociais e organizando conferencias ou charlas, encamiñadas á información dos pais de alumnos e ós profesionais.

m) Velar pola conservación e mellora dos centros de ensino.

n) Interesar ós organismos competentes nas melloras e modificacións que se estimen oportunas e de interese xeral para a tarefa educativa, acordando a colaboración con asociacións análogas para o mellor cumprimento dos fins comúns.

ñ) Constituí-las dotacións de asistencia a tarefas extraescolares para aqueles alumnos e alumnas que o desexen e outras actividades que se acorden.

o) Prestar apoio psicolóxico ás familias dos usuarios da entidade.

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

p) Fomenta-la promoción da muller con discapacidade intelectual en tódolos ámbitos. Así como fomentar todas aquelas políticas de discriminación positiva en tódolos ámbitos (escolar, familiar, social. laboral…) de este colectivo.

q) Promover e organizar actividades de ocio e tempo de lecer dirixidas a rapaces e rapazas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais que fomenten a súa participación na comunidade e polo tanto a súa inclusión social. Para tal fin está constituída unha sección xuvenil.

r) Promove-la plena inclusión laboral deste colectivo no entorno da empresa ordinaria, facilitando os apoios necesarios para a súa formación laboral.

2.- Para levar a cabo os seus fins a entidade contará na medida do posible con distintas áreas entre elas:

a) **Atención temperá** dentro desta área temos os programas de:

- Intervención temperá
- Coordinación co entorno.

b) **Educación** cos programas de:

- Apoio personalizado: _ Habilidades sociais
  _ Logopedia
  _ Apoio escolar
  _ Autonomía I
- Coordinación co centros educativos.

c) **Área de inserción sociolaboral** cos programas de:

- Formación sociolaboral
- Emprego con apoio

d) **Vida adulta** cos programas de:

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

- Autoxestión
- Autonomía II
- Vida independente

e) **Área transversal** cos programas de:

- Atención familiar
- Sensibilización ó entorno

f) Todos aqueles programas ou areas non mencionados anteriormente e que vaian acorde os fins da entidade e sexan necesarios.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins.

CAPÍTULOII
SOCIOS, DEREITOS E DEBÉRES DOS MESMOS

ARTIGO 6º

Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tralo acordo do seu órgano competente.

ARTIGO 7º.- Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de socios:

a) Serán socios **numerarios** o pai e nai, e no seu defecto o titor ou representante legal das persoas coa Síndrome de Down. Adquirirase a condición de socio numerario polo feito de ter fillos coa Síndrome de Down e ingresar nesta asociación. Así mesmo serán socios numerarios aquelas persoas coa Síndrome de Down maiores de idade e sen incapacitar.O pago das cuotas definese no regulamento de réxime interno.

TEIMA Asociación Síndrome de Down Ferrol

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

b) Serán socios **adheridos** o pai e nai, e no seu defecto o titor ou representante legal das persoas con outras discapacidades intelectuais (sempre cos medios da asociación nolo permitan). Así como as persoas con discapacidade intelectual maior de idade e sen incapacitar. O pago das cuotas defínese no regulamento de réxime interno.

c) Serán socios **colaboradores** todas aquelas persoas que dalgunha maneira estean interesadas na inclusión social das persoas coa Síndrome de Down en particular e de outras discapacidades intelectuais en xeral e ingresen nesta asociación. O pago das cuotas defínese no regulamento de réxime interno.

d) Cando a Xunta Directiva así o estimara, proporá á Asemblea Xeral o nomeamento de socio de **honra** a algunha persoa física ou xurídica ou grupo que se tivera distinguido notablemente na promoción ou realización de actividades que contribúan os fins da asociación.

ARTIGO 8º.- Os acordos de admisión dos socios tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición da persoa que desexa ser admitida.

ARTIGO 9º.- Os socios e socias teñen os seguintes dereitos:

1.- Os socios numerarios e os socios adheridos teñen voz e voto nas Asembleas.Tamén teñen dereito a participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, exerce-lo dereito a voto.Os socios numerarios terán un voto de calidade definido no regulamento de réxime interno.

2.- Os socios colaboradores terán voz nas Asembleas pero sen voto.

3.- Todos os socios poderán facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

4.- Impugna-los acordos dos órganos de goberno da Asociación que sexan contrarios á lei ou ós estatutos.

5.- Ser informados sobre a composición dos órganos de goberno e representación da entidade, do seu estado de contas e do desenvolvemento das súas actividades.

6.- Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias na súa contra e ser informado dos feitos que dean lugar a ditas medidas, debendo motivarse o acordo que,no seu caso, impoña a sanción.

7.- Os socios de honra non intervirán na dirección da entidade pero están facultados para asistir as Asembleas Xerais.

ARTIGO 10.- Son obrigas dos socios:

1.- Satisface-las cuotas que se establezan.

2.- Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.

3.- Aceptar os presentes estatutos e asumir a defensa total dos fins e obxectivos que persegue a Asociación.

4.- Cumprir os acordos dos órganos de goberno da entidade: Presidente, Xunta directiva e Asemblea Xeral.

5.- Os socios poderán solicitar a baixa voluntariamente pero isto non lles eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes coa Asociación.

ARTIGO 11.-

1.- A condición de socio pérdese:

a).- Por vontade propia

b).- Por falta de pago nas cuotas.

c).- Por realizar accións que prexudiquen gravemente os intereses ou imaxe da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

interesado. Estas accións estarán especificadas no regulamento de réxime interno.

d).- Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- A expulsión de socios nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordado pola xunta directiva, logo de audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

ARTIGO 12º.- Os socios poderán pedir a separación temporal por escrito. Neste caso para volver a ser socio deberá abonar unha cuota de inserición descrita no regulamento de réxime interno.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun socio cando se lle estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgunha cuota, ou comportamentos que afecten a boa marcha da entidade.

O expediente sancionador recollerase no regulamento de réxime interno pero a súa resolución poderase recorrer a xurisdicción ordinaria.

CAPITULO III
GOBERNO DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 13º.- A dirección e administración da asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

ARTIGO 14º.- O presidente será designado pola asemblea xeral entre os socios numerarios e o seu mandato durará catro anos.

Corresponde ó presidente:

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

1.- Ostentar, previo acordo da xunta directiva, a representación da asociación ante toda clase de entidades e organismos públicos e privados, tribunais e asociacións, podendo aceptar donativos e exercitar accións en cumprimento dos acordoa da asemblea xeral.

2.- Executa-los acordos adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral.

3.- Convocar e presidir as reunións de asemblea xeral e da xunta directiva.

4.- Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación xunto co secretario.

ARTIGO 15º.- A Xunta Directiva:

1.- A xunta directiva é o órgano executivo e xestor da asociación por mandato da asemblea xeral. Estará integrada por: 1 presidente, 1 vicepresidente, 1 secretario, 1 vicesecretario, 1 tesoureiro, 1 vicetesoreiro e como mínimo dous vocais e como máximo 6, procurando que estean representados tódolos grupos e zonas integradas na asociación.

2.- Os cargos que compoñen a xunta directiva serán desempeñados de forma gratuita, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación. A asemblea xeral será a competente para elixir os cargos da xunta directiva. A súa duración será por período de catro anos.

3.- Os cargos cesarán na súa función por:

a) Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

b) Renuncia voluntaria.

c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.

d) Acordo de cesamento de toda a xunta directiva adoptado polos 2/3 dos socios reunidos en asemblea xeral extraordinaria para tal efecto.

TEIMA Asociación Síndrome de Down Ferrol

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor.

e) Dimisión ou renuncia do Presidente

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da xunta directiva, serán cubertas provisionalmente entre os ditos membros hasta a elección definitiva pola asemblea xeral. En calquera caso, a xunta directiva estará composta como mínimo por tres persoas que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

ARTIGO 16º.- Corresponde á xunta directiva:

1.- Programar e dirixir as actividades asociativas.

2.- Levar a xestión administrativa e económica da asociación.

3.- Someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

4.- Convocar e fixar a data da asemblea xeral.

5.- Propoñer á asemblea xeral a fixación de cuotas ordinarias e extraordinarias para os socios

6.- Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.

7.- Dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á asemblea xeral.

8.- Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos socios.

9.- Propoñer o plan de actividades da asociación á asemblea xeral.

10.- Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

11.- Aquelas funcións que non estean expresamente atribuídas a outro órgano da asociación.

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

ARTIGO 17.-

1.- A xunta directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2.- Para Que os acordos da xunta directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia da metade mais un dos membros e como mínimo do presidente ou vicepresidente e o secretario ou a persoa que o substitúa.

O secretario ou a persoa que o substitúa levantará acta das sesións que se transcribirán ó libro de actas.

ARTIGO 18.- A asemblea xeral é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará constituída pola totalidade dos socios.

ARTIGO 19.- A asemblea xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a xunta directiva, ou se o solicitan o 10% dos socios. Neste último caso realizaranse por medio dun escrito dirixido ó presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

A convocatoria axustarase ás mesmas normas que a asemblea xeral ordinaria. Serán secretario e presidente da asemblea os que resulten elixidos para ditos cargos na xunta directiva.

ARTIGO 20.-A asemblea xeral ordinaria reunirase necesariamente no período que vai de xaneiro a xuño. Tanto a asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo presidente/a da xunta directiva.

A notificación farase nos locais da asociación para as ordinarias e no domicilio dos socios para as asembleas extraordinarias.

TEIMA Asociación Síndrome de Down Ferrol

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

ARTIGO 21.- Serán competencia da asemblea xeral ordinaria:

1.- Aprobar ou rexeitar o acta da asemblea xeral anterior.

2.- Aprobar o catálogo de servizos.

3.- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.

4.- Exame e aprobación das cuotas para os socios.

5.- Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.

ARTIGO 22.- Serán competencia da asemblea xeral extraordinaria:

1.- Modificar os estatutos da asociación.

2.- Acordar a disolución da asociación.

3.- Aprobar a federación con outras entidades.

4.- Elixir e cesar ós membros da xunta directiva.

5.- Ratificar a expulsión de socios propostos pola xunta directiva.

6.- Aprobar o regulamento de réxime interno da entidade.

7.- Designar os liquidadores.

8.- As que sendo competencia da asemblea ordinaria, por urxencia ou necesidade, non podan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.

9.- Todas as non conferidas expresamente á asemblea ordinaria ou á xunta directiva.

ARTIGO 23.- A asemblea quedará validamente constituída sempre que concorran a metade mais un dos socios en primeira convocatoria ou pasada media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

ARTIGO 24.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os artigos 1, 2 e 5 do artigo 22, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

levaranse os acordos ó libro de actas e asinará o/a presidente e o/a secretario da asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola asemblea xeral e aprobada por maioría dos presentes.

ARTIGO 25.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a todos os socios, incluso os non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o presidente. Seguidamente se procederá por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o secretario presentará a orde do día. Cada punto será informado polo membro da xunta directiva que lle corresponda, procedéndose ó debate e aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos.

ARTIGO 26.- Os acordos que vaian contra estes estatutos e infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da asemblea xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

ARTIGO 27.-

1.- O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de socios e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Corresponderalle así mesmo notificar as convocatorias e custodias as actas e expedir certificados co visto e prace do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2.- Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais un que desenvolva esta función.

ARTIGO 28.-O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos, elaborará un borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

O tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da asemblea ordinaria.

ARTIGO 29.- Os vocais recibirán por acordo da xunta directiva o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo ou a execución de encargos, comisións,representación e outra tarefas que pola xunta directiva. lles fosen encomendadas.

ARTIGO 30.- Corresponde o vicepresidente, vicesecretario e vicetesoreiro, substituir coas mesmas funcións ó presidente, secretario e tesoureiro respectivamente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

ARTIGO 31.- A xunta directiva poderá valerse para a súa xestión de asesores que colaboren no cumprimento dos fins da asociación. Poderán asistir ás reunións con voz pero sen voto.

CAPITULO IV
RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 32.- A asociación dispón dun patrimonio de cero euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación co fin de que poida ser aprobado na asemblea xeral ordinaria.

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

ARTIGO 33.- Os seus recursos económicos están constituídos por:

1.- As cuotas periódicas dos socios.

2.- As cuotas extraordinarias que propoña a xunta directiva e que sexan aprobadas pola asemblea.

3.- As doazóns ou subvencións que poidan conceder organismos públicos ou privados e persoas particulares.

4.- Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.

5.- Os intereses que produce o seu patrimonio.

6.- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

ARTIGO 34.- A asociación deberá depositar os seus fondos en contas correntes de establecementos bancarios, con firmas mancomunadas do presidente e tesoureiro.

ARTIGO 35.- A asociación non poderá destinar os seus fondos a fins distintos dos previstos nestes estatutos.

ARTIGO 36.- A asemblea xeral ordinaria, a proposta da xunta directiva, aprobará tanto as cuotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

ARTIGO 37.- Anualmente e con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos socios, durante un prazo non inferior a 15 días do sinalado para a celebración da asemblea xeral ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

TEIMA Asociación Síndrome de Down Ferrol

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

ARTIGO 38.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os socios os recursos obtidos pola asociación.

XUNTA DE GALICIA
Conselleria de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

CAPITULO V
REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ARTIGO 39.- A asociación poderá ter un regulamento de réxime interno que no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da entidade estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPITULO VI
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 40.- Os presentes estatutos poderán ser modificados a proposta da xunta directiva ou ¼ dos socios. A convocatoria da asemblea xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas abríndose un prazo de sete días para que calquera socio poida dirixir á secretaría as propostas ou emendas que estime oportunas (adicción, substitución ou supresión).

ARTIGO 41.- Para ser aprobada a reforma dos estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da asemblea xeral extraordinaria.

DOWN ferrol
TEIMA Asociación Síndrome de Down

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

ARTIGO 42.- No caso de disolución da asociación, a xunta directiva e os socios que a mesma designe, quedarán constituídos en comisión liquidadora que tratará de satisfacer as obrigas pendentes, liquidando os bens dos que puidera dispoñer a asociación e destinando o remanente(se existe) a calquera asociación ou fundación de carácter benéfico acordada pola asemblea.

Acordada a disolución, a asemblea xeral extraordinaria designará tres socios liquidadores que xunto ó presidente e ó tesoureiro procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós de esta asociación.

O xustificante de doazón será presentado no rexistro de asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da entidade.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN
ASOCIACIÓN Nº 3567-1
Inscrita a la modificación por resolución do 15 de novembro de 2011 soamente para os efectos de publicidade de conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002
O/A responsable do Rexistro

Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

D. Santiago Rey Mosquera con DNI 32659472R, secretario da Asociación Síndrome de Down TEIMA de Ferrol con CIF G-15458060 e domicilio social en Rúa Álvaro Cunqueiro nº 1 entrechán, 15403 Ferrol,

CERTIFICO

Que, os Estatutos da entidade foron modificados incluíndo o acordado na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o efecto o 29 de maio de 2011, co motivo de cambio de dirección, eleccións de xunta directiva, ampliación dos fins da entidade e acoller a novos socios con outras discapacidades intelectuais.

E para que conste os efectos oportunos, firmo o presente en Ferrol a 19 de xullo de 2011

O secretario da asociación

Visto e prace: A presidenta da asociación

DOWN TEIMA Asociación Síndrome de Down Ferrol
CIF: G-15458060
teimadownferrol@terra.es - Tlf./Fax: 981 322230

Asdo.:Santiago Rey Mosquera

Asdo.:Patricia Serantes Castro